


PROGRAMA DE ACTIVIDADES

Arte contemporánea con Basilisa Fiestras: “Ritmos Do Corpo” (Escultura – Instalación)

- **Venres 16** (de 10.00 a 14.00h. e de 16.30 a 18.30h.) e **sábado 17** (de 11.00 a 14.00h.).
Praza do Concello.

A artista guiará unha creación e instalación colectiva de pezas de escaiola feitas no espazo público, reproducindo mans das persoas participantes facendo un gran círculo de mans entrelazadas no chan, simbolizando a forza da unión. Nesta obra colectiva abordarase o tema do corpo a través da fragmentación, neste caso reproducindo as nosas mans, do mesmo xeito característico que a artista traballa na súa obra. A peza colectiva realizarase a partir dun obradoiro “na rúa” de moldes onde as persoas participantes traballarán todo o proceso creativo ata realizar unha copia en escaiola das súas mans, que logo formarán parte dunha gran instalación efémera no chan da Praza do Concello de Carballo. Cada unha das pezas entrelazadas formaran un único círculo, unha obra común e de unión entre diferentes colectivos. O venres pola mañá participan na actividade nenos e nenas do CEIP Xesús San Luís Romero e do CEIP A Cristina.



Arte contemporánea con Christian Villamide: “Dialéctica do Territorio” (Escultura – Instalación)

- **Venres 16** (de 10.00 a 14.00h. e de 16.30 a 18.30h.) e **sábado 17** (de 11.00 a 14.00h.).
Praza do Concello.

Jaime Echevarri afirmaba que “precisamos da natureza, non só negativamente para non morrer, para non deixar de existir, senón positivamente para seguir vivindo”.

Esta afirmación dálle pé a Villamide para crear unha instalación coa que facer reflexionar, provocando unha toma de conciencia sobre a importancia do coidado da natureza, necesaria para a supervivencia e da que dende os inicios da historia extraemos todo, incluso para producir cousas que nos poñen en perigo como especie. A proposta fará que as persoas participantes, ademais de colaborar na realización da peza escultórica, reflexionen para mudar certas olladas que temos ás veces sobre a natureza (como un obstáculo a vencer, coa idea de que ten que ser mellorada e dominada constantemente polas persoas) e o noso crecente desapego emocional e intelectual do propio espazo natural. O venres pola mañá participan na actividade rapaces e rapazas do IES Alfredo Brañas.




Percusión con Trópico de Grelos: “O Bloco Afro” (Percusión en movemento con coreografía)

- **Sábado 17.** Saída ás **19.30h.** dende a rúa **Fomento** (ponte do río Anllóns á altura do mural “A Pena da Moura”), rematando na Praza do Concello.

O Bloco Afro é un dos espectáculos de rúa máis soados de Trópico de Grelos. A súa cadencia crea un ambiente tinguido de rotundidade e ritmos alegres de Salvador de Bahía. Está acompañado de coreografías, que fan deste desfile musical unha actuación moi animada e, polo tanto, unha auténtica festa.

Caracterízase pola súa contundencia e diferénciase do resto dos espectáculos, polos seus fraseos ó unísono e a conversa instrumental entre graves e agudos, que fan esta función especialmente festiva.

O Bloco Afro esperta no público as ganas de bailar e de participar activamente no espectáculo. A presenza marcada dos seus ritmos efervescentes, non deixa indiferente. O estilo co que se tocan os instrumentos, lembra o carácter ceremonial dun espectáculo feito principalmente para deixar a un lado os problemas e involucrarse, de xeito natural, entre repiques e coreografías. Este espectáculo deleitará a toda aquela persoa que guste de presenciar esta festa tropical, acuñada pola negritude das súas raíces africanas.



Danza con Cía. Exire (Alba Fernández + Estefanía Gómez): “NEXOS”

- **Domingo 18. Praza do Concello: 13.00h.**

“NEXOS” é unha peza do dúo de danza urbana/contemporánea levado a cabo por las creadoras galegas Alba Fernández e Estefanía Gómez contando co asesoramento coreográfico de Chey Jurado.

A súa capacidade de conexión co público fai de “NEXOS” unha peza fresca, sensible só pola beleza na que se cruzan dúas miradas e idónea para Carballo, polo “vínculo” no comezo da peza coa terra natal de Alba, unha das integrantes do grupo.

Desvélanos a complicidade que existe entre dúas persoas, as súas memorias compartidas, a busca incesante dese recordo que as sostén no tempo. O percorrido por momentos que quedaron gravados nos seus corpos, deixa ver a dous seres, imperfectos, peculiares... Soltar o peso da mirada de outros/as e recoñecerse para decidir mostrar o que escollemos ser. Ao fin, gozar do que somos.

